

LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do día vinte e sete de xullo de dous mil dez, tomou o seguinte acordo sobre convocatorias de reunións de órganos colexiados, afectados pola implantación do EEES:

Os regulamentos de réxime interno aprobados co sistema de estudos anterior a implantación do Espazo Europeo de Educación Superior establecen a imposibilidade de celebrar reunións en períodos claramente delimitados como non lectivos ou en época de exames.

Sen embargo a implantación do Espazo Europeo de Educación Superior incrementa por un lado o número de órganos e a necesidade de tomar decisións, e por outro aumenta o período lectivo e os períodos dedicados a celebración de probas, fundamentalmente pola avaliación continua e a realización da segunda oportunidade en xullo.

Isto supón unha importante problemática para a convocatoria de órganos colexiados nos que participan os alumnos, que ordinariamente non se reúnen en períodos non lectivos ou en períodos de exames e tendo en conta ademais que durante varios anos van a convivir dous calendarios oficiais con distintos períodos de inicio de estudos, celebración de exames, etc., faise necesario clarificar cando os órganos colexiados dun Centro, Departamento, ou outras comisións poden convocar e celebrar reunións.

Esta precisión tamén debe terse en contra para a convocatoria de órganos colexiados xerais nas que participen alumnos ou doutro tipo de convocatorias (electorais, etc.) que se vexan afectadas pola dualidade de calendarios.

Deste xeito, e necesario adoptar unha norma unitaria para determinar os períodos nos que non se poderían reunir os órganos colexiados tanto os dos centros como os xerais tendo en conta a dualidade de calendarios oficiais.

Tamén e preciso determinar os efectos administrativos do calendario escolar de modo unitario, para os efectos de poder determinar o período máximo para a realización de actividades académicas imputables a un curso académico.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno na súa sesión do 27 de xullo de 2010, ACORDA:

PRIMEIRO.- A efectos de convocatoria de órganos colexiados dos Centros e Departamentos nos que participe o alumnado, consideraranse inhábiles do 1 de agosto ao 15 de setembro ámbolos dous inclusive, No resto do períodos poderán convocarse os órganos colexiados, coa excepción dos días que sexan declarados inhábiles polo Estado, a Comunidade Autónoma ou a propia

Universidade e os períodos nos que no calendario da USC se interrompe a actividade académico-docente no período de nadal, entroido e Semana Santa .

Esta mesma regra aplicarase subsidiariamente para a convocatoria de órganos colexiados xerais e a convocatoria de procesos electorais.

SEGUNDO.- A efectos de realización de actividades académicas o curso académico considerase rematado o 30 de setembro. As actividades rematadas máis aló desta data imputaranse ao curso seguinte, sen prexuízo de acordos ou normativas específicas que se podan establecer.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a vinte e sete de xullo de dous mil dez, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

O Reitor



Juan J. Casares Long

